

**EXPTE.: 2020014818**

**OBXECTO: AMPLIACIÓN PRAZO SOLICITUDE TERRAZAS VERÁN 2020**

**TRÁMITE: DECRETO**

## DECRETO

O día 28.05.2020 o xefe do servizo de Urbanismo e Infraestruturas emitiu o seguinte informe-proposta:

### “- ANTECEDENTES:

1.- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19 (BOE 14.03.2020), e prórrogas sucesivas, estando na actualidade vixente o estado de alarma.

2.- Real Decreto 537/2020, de 22 de mayo, por el que se prorroga el estado de alarma declarado por el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19” (BOE 23.05.2020)

3.- O 28.05.2020 o concelleiro delegado da área de Urbanismo asina a seguinte orde de incoación:

“O artigo 25 da “Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería” (BOP 10.08.2016) indica: “Para as instalacións de terrazas temporais no período de verán, deberá realizarse a solicitude antes do 31 de maio”.

A Disposición Adicional Terceira do “Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19” (BOE do 14.03.2020), establece con efectos dende o 14.03.2020 a suspensión dos términos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, reanudándose o cómputo dos prazos no momento en que perda vixencia o dito R.D. 463/2020, ou no seu caso, as prórrogas do mesmo.

O artigo 9 do “Real Decreto 537/2020, de 22 de mayo, por el que se prorroga el estado de alarma declarado por el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19” (BOE 23.05.2020) indica: “Con efectos desde el 1 de junio de 2020, el cómputo de los plazos administrativos que hubieran sido suspendidos se reanudará, o se reiniciará, si así se hubiera previsto en una norma con rango de ley aprobada durante la vigencia del estado de alarma y sus prórrogas.”

A sector da hostalería, con carácter xeral, está a sufrir as consecuencias económicas da paralización da actividade por mor das medidas adoptadas fronte ó COVID-19.

En Ferrol, a imposibilidade de abrir durante semanas provocou tamén o agravamento da situación económica de dito sector, o que fai preciso levar a cabo a adopción de medidas de flexibilización que permitan, no marco da lexislación vixente, poder reactivar a economía do Concello.

Máis concretamente, o prazo de solicitude das terrazas de verán (ata o 31 de maio) coincide coa época de suspensión dos prazos administrativos e da vixencia do estado de alarma, estando vixente na nosa provincia a Fase 2 do “Plan para la transición hacia una nueva normalidad”.

Por todo elo, neste ano considérase preciso ampliar o prazo para a presentación das solicitudes de terrazas de verán ata o 30 de xuño de 2020.

Conforme a elo, ordénase a tramitación do procedemento que corresponda.”

**EXPTE.: 2020014818**

**OBXECTO: AMPLIACIÓN PRAZO SOLICITUDE TERRAZAS VERÁN 2020**

**TRÁMITE: DECRETO**

**· FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**1.- Lexislación aplicable:**

- Ley 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería (última modificación BOP 10.08.2016)

**2.- Consideracións xurídicas:**

De acordo coa orde de incoación asinada polo Concelleiro de Urbanismo o 28.05.2020, preténdese a ampliación do prazo para a presentación das solicitudes de terrazas temporais de verán ata o 30 de xuño de 2020, debido ás dificultades provocadas polo COVID-19 e a declaración do estado de alarma.

A suspensión dos prazos administrativos ordenado na Disposición Adicional Terceira do “Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19” (BOE do 14.03.2020) perderá a súa vixencia o día 1 de xuño de 2020 de conformidade co artigo 9 do “Real Decreto 537/2020, de 22 de mayo, por el que se prorroga el estado de alarma declarado por el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19” (BOE 23.05.2020).

O prazo para a presentación das solicitudes de terrazas temporais de verán está establecido no artigo 25 da “Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería”, que indica expresamente no seu apartado 1 que: “Para as instalacións de terrazas temporais no período de verán, deberá realizarse a solicitude antes do 31 de maio”.

O artigo 29 da Ley 39/2015 indica que “Los términos y plazos establecidos en ésta u otras leyes obligan a las autoridades y personal al servicio de las Administraciones Públicas competentes para la tramitación de los asuntos, así como a los interesados en los mismos”.

A suspensión dos prazos e procedementos administrativos, unido ás limitacións propias por mor do estado de alarma, fan preciso a ampliación do prazo para a presentación das solicitudes de terrazas temporais de verán, en virtude do principio da seguridade xurídica e de boa prestación dos servizos públicos.

Todo elo, sen prexuízo de que a tramitación das solicitudes de autorizacións de terrazas de verán, ou as súas modificacións, deberán seguir o procedemento previsto na “Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería”.

A Disposición Adicional Terceira da “Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería” indica: “Habilítase á Alcaldía-Presidencia ou ao Concelleiro que teña delegadas as competencias en funcións urbanísticas para ditar as disposicións ou instrucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza”.

Con data do 08.07.2019 dítase decreto de delegación de competencias na área de Urbanismo a favor de don Julián Reina Villalón (BOP 22.07.2019)

EXPTE.: 2020014818

OBXECTO: AMPLIACIÓN PRAZO SOLICITUDE TERRAZAS VERÁN 2020

TRÁMITE: DECRETO

Por todo o anterior, **PROPONSE** ó concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna A SEGUINTE RESOLUCIÓN:

**Primeiro.-** Ampliar, de xeito excepcional e por motivo da situación actual provocada polo COVID-19, o prazo establecido no artigo 25 da “Ordenanza reguladora das terrazas dos establecementos de hostalería” para a presentación das solicitudes de autorización de terrazas temporais de verán, de tal xeito que se poderán presentar solicitudes de autorización de terrazas de verán ata o 30 de xuño de 2020.

**Segundo.-** A presente resolución entrará en vigor dende a data da súa sinatura.

**Terceiro.-** Publíquese a presente resolución na páxina web do Concello e no BOP.

**Cuarto.-** Notifíquese a presente resolución á Policía Local, e ó resto de departamentos do Concello implicados.

Non obstante, vostede decidirá o que considere máis axeitado.”

**Examinei a proposta de resolución precedente e apróboa nos seus propios termos.**

Así o manda e asina o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna, por delegación da Alcaldía de 08.07.2019 (publicada no BOP núm. 137 do 22.07.2019) no Pazo Municipal de Ferrol, na data da sinatura dixital

Julián Reina Villalón

Diante miña,  
O secretario xeral